



BASES XERAIS DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE 1 ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA PARA O DEPARTAMENTO DO RURAL DO CONCELLO DA ESTRADA (PERSONAL FUNCIONARIO INTERINO)

Primeira. Obxecto

O obxecto das presentes bases é a provisión interina dunha praza Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola polo sistema de oposición libre, vacante no cadro de persoal do Concello da Estrada. A devandita praza está integrada no grupo A, subgrupo A2 e está clasificada no Cadro de Persoal do Concello da Estrada na Escala de Administración Especial, Subescala Técnico Medio, dotadas do soldo correspondente ao seu grupo, e o nivel de complemento de destino e cantidade asignada como específico segundo figura na RPT en vigor.

A provisión será polo motivo sinalado no artigo 10.1 a) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do estatuto básico do empregado público modificado polo Real Decreto Lei 14/2021 de 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e o artigo 23.2 a) da lei 2/2015 do emprego público de Galicia, é dicir, mentres non se cubra a praza vacante e/ou por un máximo de tres anos.

Segunda. Condicións de admisión das persoas aspirantes

Para ser admitidos/as á realización das probas de selectivas, de conformidade co establecido no artigo 56 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, os/as candidatos/as deberán posuír os requisitos que se relacionan o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e mantelos ata o momento da toma de posesión:

- a) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, conforme o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público. Poden acceder ao emprego público como persoal funcionario en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:
 - 1) As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
 - 2) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
 - 3) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
 - 4) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
 - 5) As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.





- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non ser separado/a mediante un expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida o acceso ao emprego público no seu estado nos mesmos termos.

Acreditarase coa presentación de declaración xurada ao efecto, que se xuntará á solicitude de participación.

- e) Estar en posesión ou en condición de obter á data de finalización do prazo de presentación de instancias o título de enxeñeiro técnico Agrícola ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico agrícola segundo establecen as Directivas Comunitarias.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, de ser o caso, a homologación do título. Este requisito non se lles aplicará ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

- f) Xustificante de ter ingresado a taxa para participar no proceso selectivo.

Terceira. Forma e prazo de presentación de solicitudes

1. Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar, no prazo e lugares sinalados no punto 4 desta base 3ª, a súa participación mediante da instancia que se recolle no Anexo II destas Bases, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello.
2. A instancia debe ir acompañada dos seguintes documentos:
 - a) Fotocopia do D.N.I ou documento equivalente.
 - b) Título esixido ou xustificante de ter aboado os dereitos para a súa expedición.
 - c) O certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuílo (Celga 4 ou equivalente).
 - d) O xustificante do pagamento das taxas de inscrición. A cantidade que se deberá aboar será de 20,00 €, que se pagarán na Tesourería Municipal ou a través do seguinte número de conta bancario da entidade BBVA: ES17 0182 6246 3202 0036 0191. No xustificante de ingreso terá que figurar o DNI da persoa candidata á praza. Non obstante, no Rexistro Xeral do Concello da Estrada facilitaráselles ás persoas interesadas un modelo de solicitude redactado segundo se recolle no anexo das presentes bases.

Segundo a Ordenanza fiscal núm. 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, nos procedementos de selección de persoal, non se lles esixirá o





- pagamento polos conceptos “dereitos de exame” e “compulsas” ás persoas desempregadas que figuren como demandantes de emprego, sempre que o acrediten por medio da certificación emitida polo Instituto Nacional de Emprego ou do servizo homólogo da comunidade autónoma.
3. Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, ésta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado á praza. Asemade poderán solicitar as necesidades específicas de adaptación e axuste de tempo e medios que considere oportunas para participar nas probas selectivas en condicións de igualdade. Para iso farán constar na solicitude o seu tipo de discapacidade e as posibles adaptacións que precisen para participar nas probas selectivas.
 4. As solicitudes deberán presentarse preferentemente por vía electrónica, a través da sede electrónica <https://aestrada.sedelectronica.gal/info.0> ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública. As instancias dirixiranse ao Sr. Alcalde do Excmo. Concello da Estrada, e presentaranse no prazo de 10 DÍAS NATURAIS, contados a partir do día seguinte no que apareza o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Pódese obter un modelo de instancia (contido no Anexo II desta convocatoria), de participación nas probas selectivas, nas dependencias municipais, na seguinte ligazón de internet: www.aestrada.gal // , ou sede electrónica do concello da Estrada.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas.

No caso de que se remita a documentación por correo postal ou mediante presentación no rexistro doutra Administración que careza de Sistema de Intercambio de Rexistros (SIR) aconséllaselles ás persoas aspirantes que comuniquen a presentación da instancia conforme ao modelo do Anexo II das presentes bases onde conste o selo coa data de presentación mediante un correo electrónico ao enderezo persoal@aestrada.gal, durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

5. A documentación a que se refiren os apartados anteriores poderá ser presentada en copia simple do orixinal. Non obstante conforme establece o artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, o Concello da Estrada cando considere que existe dúbidas derivadas da calidade da copia, poderá solicitar o cotexo das copias aportadas polas persoas interesadas, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

En todo caso as persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose este Concello a facultade de exercer as medidas de esixencia de responsabilidade oportunas no caso de falsidade na documentación achegada.

En ningún caso, a presentación do pagamento da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación de solicitude,

6. As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fixeron constar na súa solicitude, aínda que os erros de feito que se puideren advertir poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a petición dunha parte.





Cuarta.- Publicidade.

As bases do presente proceso selectivo publicaranse íntegramente no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica <https://aestrada.sedelectronica.gal/board>, na páxina web do concello <http://www.aestrada.gal/index.php/gl/tramites/contratacion-de-persoal>, así coma no Portal de Transparencia <https://aestrada.sedelectronica.gal/transparency>.

Os resultados das probas, as convocatorias de exames, citacións e emplacements aos aspirantes, así coma calquera actuación do tribunal cualificador levaranse a cabo a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal, <http://www.aestrada.gal/index.php/gl/tramites/contratacion-de-persoal>, medio exclusivo de notificación aos interesados de conformidade co previsto no artigo 45.1. b) da lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, salvo que estas bases dispoñan expresamente o contrario; non obstante o concello se o estima oportuno poderá utilizar ademais outros medios de publicación ou comunicación.

Cuarta. Admisión de aspirantes

1. Unha vez rematado o prazo dos 10 días naturais fixado para a presentación de instancias a Alcaldía ditará Resolución , contendo:
 1. A lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos con expresión dos motivos da exclusión.
 2. A designación do tribunal cualificador.
 3. Lugar e data da realización da primeira proba.
2. Dita resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios da Sede electrónica e na web municipal. A citada resolución procederá a conceder un prazo de 5 días naturais para que os interesados que o consideren oportuno proceda a subsanar as deficiencias ou presentar as alegacións que estimen oportunas contra a citada lista provisional de admitidos. No caso de que no citado prazo non se presentasen reclamacións contra a lista provisional, ou non houbera ningún aspirante excluído, entenderase como definitiva.
3. En todo caso deberá mediar como mínimo un prazo de 48 horas entre a publicación da resolución na que se fixe o lugar e data de realización da primeira proba e a realización da mesma.
4. No caso de que se presentasen alegacións ou subsanacións contra a resolución de aprobación da lista provisional, procederase a ditar nova resolución que aprobe a lista definitiva, que será publicada igualmente no taboleiro de anuncios e na web municipal.

Quinta. Tribunal cualificador

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberase axustar aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre mulleres e homes. O persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, polo que non se poderá realizar en representación ou por conta de ninguén.

Estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais cos/as seus/súas correspondentes suplentes.





Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir e comunicarllo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do sector público, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria, para o mesmo corpo e especialidade. Así mesmo as persoas aspirantes poderán recusar os membros do Tribunal cando neles concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015. Unha vez constituído o Tribunal tamén poderán incorporarse os outros vogais titulares que non concorren á sesión constitutiva e, de ser o caso, os suplentes.

De conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público o tribunal poderase constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos ou remitir actas tanto de forma presencial como a distancia.

Nas sesións que celebre o tribunal a distancia os seus membros poderán atoparse en distintos lugares sempre e cando se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén tales os telefónicos e audiovisuais, a identidade dos membros ou persoas que as suplan legalmente, o contido das súas manifestacións, o momento nas que estas se produzan, así como a interactividade e intercomunicación en tempo real entre eles e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión.

O tribunal de selección poderá, se o considera oportuno, valerse de especialistas sobre unha determinada materia que actuarán con voz pero sen voto e os que poderán emitir cantos informes ou ditames lles solicite o tribunal, non sendo tales informes de carácter vinculante.

Os membros do Tribunal que asistan ás súas sesións, percibirán dietas pola súa asistencia, na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

Sexta. *Proceso de selección*

A oposición constará de dous exercicios, eliminatorios cada un deles, de modo que non poderán pasar ao seguinte exercicio os aspirantes que non alcanzaran a cualificación mínima establecida para cada un deles.

Os exercicios, probas e lecturas de exercicios escritos practícaranse nun chamamento único, sendo excluído do proceso selectivo quen non compareza, calquera que sexa a causa, salvo previsión normativa específica de rango superior. A orde de actuación das persoas opositoras, para a realización daqueles exercicios que non poidan facerse de xeito simultáneo, comezará pola letra "T", consonte á Resolución de 28 de xaneiro de 2022 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade ou pasaporte.

O tribunal publicará os sucesivos anuncios de celebración dos seguintes exercicios no Taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal.

Entre a realización de cada un dos exercicios da oposición (excluídos os non eliminatorios) deberá transcorrer un mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.





Sétima. Exercicios da oposición

Constará de dous exercicios obrigatorios e eliminatorios, e a proba de galego.

Primeiro exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio

Consistirá en contestar, por escrito un cuestionario tipo test de 80 preguntas, con catro respostas alternativas das que so unha será a correcta, sobre o contido do programa da convocatoria contido no Anexo I das presentes bases. O tempo máximo para realizar este exercicio será de 90 minutos.

Penalizaranse as preguntas mal contestadas, de forma que por cada 3 preguntas incorrectas se descontará unha correcta ou a súa parte proporcional. O exercicio será cualificado entre cero (0) e dez (10) puntos, e para aprobar cada un dos exercicios deberase obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Para a elaboración das preguntas, repartirase de forma equitativa os temas entre os membros do órgano de selección.

Segundo exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio

Consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos que determinará o Tribunal de selección, con preguntas relacionadas coas materias obxecto do temario específico no tempo que estableza o órgano de selección, en función da natureza da proba, non sendo superior ás 2 horas.

O exercicio será cualificado entre cero (0) e dez (10) puntos, e será preciso alcanzar un mínimo de 5 puntos para superalo. Serán eliminados aqueles aspirantes que non a obteñan.

Se o Tribunal non valorara de forma idéntica todos os supostos, deberá dar a coñecer aos/as aspirantes a puntuación de cada suposto con carácter previo ao inicio da proba. De non especificar a puntuación de cada suposto entenderase que cada un deles teñen idéntica valoración.

Terceiro exercicio: proba de galego

As persoas aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (Celga 4 ou equivalente) terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica de lingua galega que consistirá nunha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos adecuada ao nivel e contido da praza convocada. Cualificaranse como aptas as persoas aspirantes que realicen a tradución completa no tempo indicado; no caso de non realizar a tradución completa, serán consideradas non aptas.

Oitava. Cualificación dos exercicios da oposición

Cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios da oposición, serán cualificados cero (0) e dez (10) puntos (agás a proba de galego, que se puntuará coa cualificación de apto/a ou non apto/a). Para aprobar cada un dos exercicios e acceder ao seguinte é necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

A cualificación final estará determinada pola suma das cualificacións parciais obtidas polas persoas aspirantes que fosen superando todos e cada un dos sucesivos exercicios obrigatorios





e eliminatorios. A orde de colocación das persoas aspirantes na lista definitiva de aprobadas establecerase de maior a menor puntuación.

Novena. Cualificación final e listaxe de persoas aprobadas

1. A cualificación obtida polas persoas aspirantes será o resultado da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios obrigatorios e eliminatorios.
2. Unha vez determinada a cualificación final das persoas aspirantes, o tribunal fará pública a listaxe de persoas aprobadas, por orde de puntuación, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal.
3. O tribunal non poderá, en ningún caso, aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de prazas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.
4. Non obstante, ao cualificar cada un dos exercicios, o tribunal non terá en conta a limitación anterior, que só se terá en conta para lle formular á Alcaldía a proposta coa puntuación final (en que o número de persoas aprobadas nunca poderá superar o de prazas convocadas).
5. No caso de empate nas puntuacións totais de dúas ou máis persoas aspirantes, a situación resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio. Se isto non fora suficiente, resolverase tendo en conta a puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate, resolverase mediante un sorteo que se realizará en presenza das persoas interesadas.

Décima. Achega de documentos por parte das persoas opositoras aprobadas

1. A listaxe de persoas aprobadas publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal. Dentro da lista de persoas aprobadas propoñerase para o nomeamento de persoal funcionario interino a aquel/a aspirante que acade a maior puntuación no seu conxunto.
2. A persoa aspirante proposta ao nomeamento deberá achegar, dentro do prazo máximo de 5 días hábiles contados desde a publicación da listaxe de persoas aprobadas, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:
 - Documento nacional de identidade (fotocopia compulsada por ambos os dous lados).
 - Certificado ou Informe médico de non padecer enfermidade que inhabilite para o exercicio da función.
 - Declaración xurada de cumprir os requisitos esixidos na base segunda da convocatoria.

Os que tivesen a condición de funcionarios públicos ou persoal laboral, estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa amosados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da administración da que dependeran para acreditar tal condición.

Os que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida, non poderán ser nomeados, sen prexuízo da responsabilidade en que houberen podido incorrer por falsidade dimanante da solicitude para participar na oposición





Décimo primeira. Nomeamento e Toma de posesión.

Presentada a documentación polo/a interesado/a o Sr. Alcalde efectuará o nomeamento, a favor do/a candidato/a proposto/a, como funcionario interino. O nomeamento deberá ser notificado ao/á interesado/a, o/a cal deberá tomar posesión no prazo de cinco días naturais, a contar desde o seguinte ao que lle sexa notificado o citado nomeamento, tendo en conta que dito nomeamento realizarase con carácter de interinidade vinculado á circunstancia que deu lugar á súa selección. debendo prestar previamente xuramento ou promesa, de conformidade co establecido R.D. 707/1979, do 5 de abril.

A resolución de nomeamento deberá igualmente ser publicada no taboleiro do Concello co réxime de recursos que proceda.

Ata que sexa nomeado e se incorpore ao posto de traballo correspondente, o aspirante non terán dereito a percepción económica algunha

Décimo segunda. Carácter vinculante das bases

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a administración municipal, os tribunais cualificadores e as persoas aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

Décimo terceira. Incidencias e recursos

As convocatorias e as súas bases e cantos actos administrativos se deriven destas e da actuación dos tribunais poderán ser impugnadas polas e polos interesados nos casos, termos e forma que prevé a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e demais normativa de concordante e procedente aplicación.

Segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia*, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición contra a convocatoria e as súas bases (que esgotan a vía administrativa) ante a Alcaldía, no prazo de 1 mes. Despois de presentar este recurso, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

No non previsto nas bases, aplicarase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, o Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o Convenio colectivo do persoal do concello (de ser o caso).





ANEXO I. TEMARIO

MATERIAS COMÚNS

1. A Constitución española de 1978: estrutura e contido. Os valores superiores. Os principios constitucionais. Dereitos fundamentais e liberdades públicas, a súa garantía e a suspensión.
2. As Cortes Xerais: referencia ao Defensor do Pobo.
3. O Goberno e a Administración. Principios de actuación da Administración Pública. O Poder Xudicial.
4. O Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e contido. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia: exclusivas, concorrentes e de execución da lexislación do Estado.
5. A organización territorial do Estado. Organización constitucional do sistema autonómico. Distribución constitucional de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas. A Administración local.
- 6.- O Municipio. Concepto. Elementos. O termo municipal. A Poboación municipal. A organización municipal. As competencias municipais.
- 7.- Funcionamento dos órganos colexiados locais: convocatoria e orde do día. Réxime de sesións e acordos. Votacións. Actas e certificacións.
- 8.- O ordenamento xurídico da Unión Europea. Eficacia directa e primacía do dereito comunitario. Dereito orixinario e derivado. As institucións da Unión Europea. Composición e atribucións. As competencias da Unión Europea.
- 9.- O dereito administrativo. As fontes do dereito administrativo. O acto administrativo. Revisión dos actos administrativos. Recursos contra os actos administrativos. O procedemento administrativo común: fases.
- 10.- O persoal ao servizo da Administración local. Instrumentos de organización do persoal. Clasificación dos funcionarios locais e as súas funcións. Adquisición e perda da condición de funcionario.
- 11.- O patrimonio das entidades locais. Bens de dominio público e bens patrimoniais: concepto, natureza e elementos. Afección e mutación demaniais. Utilización: autorización e concesión.
- 12.- Os contratos do sector público. Obxecto e ámbito de aplicación. Elementos. Clases. Preparación, adxudicación e formalización. Execución e modificación. Extinción.
- 13.- O orzamento das entidades locais. Concepto. Estrutura. Formación e aprobación. Principios orzamentarios. A estrutura orzamentaria: a clasificación económica de gastos e ingresos.
- 14.- As facendas locais: Recursos. Impostos, taxas e contribucións especiais.
- 15.- A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: obxecto e ámbito da lei. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. O Plan de Igualdad entre mulleres e homes.





16.- Transparencia. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno: transparencia da actividade pública e bo goberno. Acceso á información pública. Mecanismos de coordinación e control. O Comisionado da Transparencia. A Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación. Dereitos da cidadanía nas súas relacións coas administracións públicas.

17.- Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos personais e garantía dos derechos digitais. Obxecto e réxime xurídico. Principios da protección de datos: Calidade dos datos, dereito de información na recollida de datos, consentimento do afectado, datos especialmente protexidos, deber de segredo. Dereitos dos cidadáns: acceso, rectificación, oposición, cancelación. Ficheiros de titularidade pública: creación, modificación ou supresión.

MATERIAS ESPECÍFICAS

18.- A política agraria común (PAC). Obxectivos, instrumentos e financiamento. Política de mercados e política de desenvolvemento rural. Evolución da PAC desde os seus inicios ata a actualidade. As reformas da PAC.

19.- Normativa reguladora dos instrumentos de financiación da PAC: FEAGA, FEADER e FEMP. Referencia a outros instrumentos de financiación: FEDER, FSE, Fondos de Cohesión.

20.- A Lei de 19/ 1995, de 4 de xullo, de Modernización das explotacións agrarias: Síntesis do seu contido.

21.- O catastro de rústica. Concepto e clases. Utilidade e fins. Aplicacións fiscais e non fiscais. Renovación catastral.

22.- Sistemas de información xeográfica. Áreas de aplicación e medios de transmisión. O sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas, SIXPAC. A fotogrametría e a teledetección de satélites aplicadas á agricultura e á pesca. Aplicación ao control de axudas da PAC. Aplicación á estimación de colleitas.

23.- Aparatos topográficos : medida de ángulos no terreo, medida e construción de ángulos en papel, improvisación de ángulos topográficos. Croquis: execución, maneira de executalos e clases. Interpretación de planos topográficos, curvas de nivel, pendentes, escalas e equidistancias.

24.- Construcións e explanacións. Operacións previas en camiños rurais. Cargas e efectos sobre os firmes. Tipo de vías. Categoría de tráfico en camiños rurais.

25.- Clasificación e características dos solos para o trazado de camiños. Conservación de camiños. Aplicación a camiños rurais.

26.- Formigonado de camiños. Aplicación . Tipo de firme. Execución.

27.- O sector agrario e alimentario galego: importancia no contexto da economía galega, nacional e europea. Distribución da superficie e aproveitamentos. Análise dos distintos subsectores: agrícola, gandeiro e forestal. Producción da rama agraria: importancia e composición. A renda agraria. Evolución e perspectivas.





28.- O subsector agrícola galego: producións máis importantes. Estrutura da produción. Evolución e perspectivas.

29.- Tipos de agricultura: secano, regadío extensivo e regadío intensivo. Características. Principais producións. Técnicas de produción. Problemática e perspectivas de futuro. Aspectos rexionais.

30.- O subsector gandeiro galego: producións máis importantes. Estrutura da produción. Evolución e perspectivas

31.- Aproveitamento de residuos na agricultura, montes e gandería. Enerxías alternativas. Residuos sólidos urbanos. Xestión e tratamento. Reciclaxe. Aproveitamentos. Xestión municipal.

32.- A terra en Galicia. Usos do solo: distribución, tendencias e problemática. Formas de tenza. Referencias ao contexto español e á Unión Europea. Actuacións correctoras: a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras. O Banco de Terras de Galicia.

33.- A concentración parcelaria en Galicia: importancia e evolución. A Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. Fases e procedemento.

34.- A investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación agraria en Galicia: estado actual. Os grupos operativos da Asociación Europea da Innovación. Centros públicos de investigación e centros tecnolóxicos da Consellería do Medio Rural. Outros organismos de investigación.

35.- Cultivos herbáceos extensivos en Galicia para alimentación humana e animal. Situación actual. Referencias ao contexto español e da UE. Evolución e perspectivas. Principais técnicas de produción. Axudas ao sector.

36.- A sanidade vexetal en Galicia: situación actual. Referencias ao contexto español e da UE. Evolución e perspectivas. O control integrado.

37.- A comercialización de produtos agrarios. Características da comercialización en Galicia; situación, principais circuitos e axentes de comercialización agrarios, problemática e perspectivas. O Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final.

38.- Relación entre produtores e industrias: a Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria; os contratos tipo de produtos agroalimentarios e as organizacións interprofesionais agrarias. As organizacións de produtores de leite e a contratación no sector lácteo.

39.- A calidade de produtos agrarios e agroalimentarios. Concepto e factores que a definen. A calidade regulamentada: normativas europeas, estatais e autonómicas. O Plan nacional de control oficial da cadea alimentaria e o control da calidade alimentaria. Control voluntario: organismos de certificación. As denominacións de calidade. Regulamentación europea, estatal e autonómica. Obxectivos e requisitos. Situación en Galicia: denominacións existentes, evolución e perspectivas.





- 40.- O Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores.
- 41.- A Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega. Principios xerais. Dereitos e deberes dos operadores alimentarios. Figuras da promoción da calidade alimentaria. O Instituto Galego de Calidade Alimentaria.
- 42.- A Producción Ecolóxica. Caracterización da produción ecolóxica en España, evolución y desenvolvemento. Normativa. O seu control en España. A produción integrada. Características, normativa e evolución.
- 43.- Asociacionismo agrario. Cooperativas, SAT e outras formas asociativas. Importancia social e económica. Referencias ao asociacionismo español e da Unión Europea.
- 44.- Características do abastecemento e subministro de augas potables. A auga na industria. Depuración de augas residuais en municipios. Breve descrición. Tratamiento.
- 45.- Resíduos sólidos urbanos. Xestión e tratamento. Reciclase. Aproveitamentos. Xestión municipal.
- 46.- Normativa legal de edificación e instalacións agropecuarias en Galicia. O deseño de instalacións e construcións agrarias e agroalimentarias en Galicia. Tipos.
- 47.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 48.- Marco legal de prevención de riscos laborais: Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Regulamento dos servizos de prevención (Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención). Riscos laborais nos traballos agrarios. Medidas preventivas e elementos de protección.
- 49.- Impacto ambiental nos proxectos agrogandeiros. Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental. Avaliación ambiental estratéxica. Avaliación de impacto ambiental de proxectos. Seguimento e réxime sancionador. Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación. A Rede Natura e outras figuras de protección do espazo natural.
- 50.- O Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (2014-2020). O Marco nacional de desenvolvemento Rural. O Programa de desenvolvemento de Galicia (PDR).
- 51.- A valoración e ordenación do espazo agroforestal. A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Os cambios nos modelos de aproveitamento e usos do solo. Evolución e perspectivas.
- 52.- Orde do 13 de marzo de 2009 sobre aprobación dos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito.

O ALCALDE

ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE





ANEXO II

SOLICITUDE DE ADMISIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN INTERINA DE 1 PRAZA DE ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA (PERSONAL FUNCIONARIO INTERINO, GRUPO A, SUBGRUPO A2)

Datos da persoa solicitante:

Nome e apelidos:		DNI/CIF:	
------------------	--	----------	--

e, na súa representación:

Nome e apelidos:		DNI/CIF:	
------------------	--	----------	--

Medio de notificación: Electrónica Papel

Lugar/rúa:			Núm.:		Andar:		Porta:	
Parroquia:		Código postal:		Concello:				
Provincia:		Teléfono de contacto:		Correo electrónico:				

EXPOÑO:

Que son coñecedor/a da convocatoria publicada para a provisión interina dunha praza de Enxeñeiro técnico agrícola segundo as bases publicadas no BOP n.º _____.

Que reúno todas as condicións esixidas nas bases da convocatoria.

Que xuro/prometo que non me separaron do servizo das administracións públicas nin estou inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

Que xuro/prometo que non estou INCURSO/a en ningunha causa de incompatibilidade conforme a lei vixente. Por isto, SOLICITO:

Que se me admita para realizar as probas do proceso selectivo indicado.

Idioma para a realización das probas: Galego Castelán

ANEXOS:

- Copia do DNI
- Título esixido
- Certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuílo (Celga 4 ou equivalente).
- Xustificante do pagamento das taxas de inscrición/ Certificado de exención

A Estrada, de de 2022

(sinatura da persoa solicitante)

